Gres, Arxentina e Cuba, periplo vital do escritor e académico Xosé Neira Vilas

Gres, Argentina y Cuba, periplo vital del escritor y académico Xosé Neira Vilas

Xosé Neira Vilas é un escritor de cerne, de oficio, e traballador infatigable pola promoción da cultura galega. Fillo de labregos, naceu en Gres, Vila de Cruces, en 1928, e en 1949 fuxindo da miseria económica e cultural, pero tamén cheo de inquedanzas, emigrou a Arxentina en busca dunha vida mellor. Foi alí onde descubriu a personalidade histórica e o signo diferencial de Galicia e onde fixo amizade cos intelectuais galegos do exilio (Seoane, Dieste, Lorenzo Varela, Arturo Cuadrado...). Tamén na Arxentina, na editorial Follas Novas que fundara en 1961, publicou Memorias dun neno labrego, *un dos libros máis populares e máis vendidos da historia da Literatura galega e a obra galega traducida a maior número de linguas.*

Xosé Neira Vilas es un escritor incorruptible y un trabajador infatigable por la promoción de la cultura gallega. Hijo de labradores, nació en Gres, Vila de Cruces, en 1928 y en 1949, escapando de la miseria económica y cultural, pero también lleno de inquietudes, emigró a Argentina en busca de una vida mejor, y fue allí donde descubrió la personalidad histórica y el signo diferencial de Galicia y donde entabló amistad con los intelectuales gallegos del exilio (Seoane, Dieste, Lorenzo Varela, Arturo Cuadrado...). También en Argentina, en la editorial Follas Novas que fundara en 1961, publicó Memorias dun neno labrego, *uno de los libros más populares y más vendidos de la historia de la Literatura gallega y la obra gallega traducida a mayor número de lenguas.*

Xosé Ramón Fandiño

Aínda que a Galicia rural de hoxe non teña nada que ver coa de Balbino ("Un rapaz da aldeia. Coma quen dis, un ninguén. E ademais, probe") as *Memorias dun neno labrego* permanecerán como un documento social do mundo aldeán da posguerra, que seguen seducindo aos lectores pola autenticidade da narración e pola fidelidade á súa lingua nativa.

Coa vida asentada en Bos Aires, pouco despois da publicación das *Memorias,* Anisia e máis el séntense atraídos polo que estaba sucedendo na illa de Cuba e instálanse na Habana, comprometidos coa revolución. Neira Vilas ocupou diferentes cargos no novo Estado, un deles no Ministerio da Industria Básica, que dirixía Ernesto Che Guevara. E en Cuba, ademais, fundou a sección galega do Instituto de Literatura e Lingüística da Academia das Ciencias e dedicouse máis intensamente á súa vocación de escritor e foi alí

Aunque la Galicia rural actual no tenga nada que ver con la de Balbino ("*Un rapaz da aldeia. Coma quen dis, un ninguén. E ademais, probe*") las *Memorias dun neno labrego* permanecerán como un documento social del mundo aldeano de posguerra, que siguen seduciendo a los lectores por la autenticidad de la narración y por la fidelidad a su lengua nativa.

Con la vida asentada en Buenos Aires, poco después de la publicación de las *Memorias*, Anisia y él se sintieron atraídos por lo que estaba sucediendo en la isla de Cuba y se instalaron en La Habana, comprometidos con la revolución. Neira Vilas ocupó diferentes cargos en el nuevo Estado, uno de ellos en el Ministerio de Industria Básica, que dirigía Ernesto Che Guevara. Y en Cuba, además, fundó la sección gallega del Instituto de Literatura y Lingüística de la Academia de las Ciencias, se dedicó más intensamente a



onde escribiu a maior parte dos seus libros, máis de 50 títulos orixinais, incluíndo narrativa, obras para nenos, poesía, testemuñas, memorias e investigación.

En 1992 abandona Cuba definitivamente e coa súa inseparable Anisia instálase en Gres, onde dirixen a Fundación Xosé Neira Vilas, un centro cultural dotado cunha biblioteca de 8.600 libros, sala de lectura, sala de exposicións e concertos, un museo etnográfico, que convoca os premios *Arume* e *Estornela*, de poesía e teatro para nenos.

Xosé Neira Vilas, un neno labrego e un clásico vivo da Literatura galega, que adquiriu unha boa formación na emigración e na Universidade da vida, hoxe é doutor Honoris Causa polas Universidades da Coruña e da Habana e numerario da Real Academia Galega, entre outras moitas distincións.

su vocación de escritor y fue allí donde escribió la mayor parte de sus libros, más de 50 títulos originales, incluyendo narrativa, obras para niños, poesía, testimonios, memorias e investigación.

En 1992 abandona Cuba definitivamente y con su inseparable Anisia se instala en Gres, donde dirigen la Fundación Xosé Neira Vilas, un centro cultural dotado con una biblioteca de 8.600 libros, salas de lectura, sala de exposiciones y conciertos, un museo etnográfico, y que convoca los premios *Arume* y *Estornela*, de poesía y teatro para niños.

Xosé Neira Vilas, un niño aldeano y un clásico vivo de la Literatura gallega, que adquirió una buena formación en la emigración y en la universidad de la vida, en la actualidad es doctor Honoris Causa por las Universidades de A Coruña y de La Habana y numerario de la Real Academia Galega, entre otras muchas distinciones.

–Acabados de cumprir os oitenta anos, como se ve o mundo tras tantos periplos vitais?

–Nacín durante o reinado de Alfonso XIII, pasei a República, a Guerra Civil, a posguerra, vivín na emigración 43 anos e retornei en 1992. Fixen xornalismo en dous idiomas, publiquei libros sobre diversos temas, ademais de novelas e contos en lingua galega, en ambas bandas do Atlántico, e dende os 22 cumpridos militei na causa de Galicia, como nación con personalidade histórica de seu que procura autogobernarse e manter a súa identidade en harmonía con todos os demais pobos. Tal vén sendo a miña modesta traxectoria ao longo destas oito décadas. Polo demais, dóeme a situación de desigualdade social crecente, que é a gran vergoña deste desarranxado e insolidario mundo en que vivimos. É arrepiante saber que cada día se gastan tantos millóns en armamento, ou sexa, en máquinas para matar, e outro tanto en publicidade, en anuncios para vender o que tantísima xente no planeta non pode nin soñar con mercar nunca. E outras eivas ben coñecidas e "delicadamente" esquecidas. Guerras crueis, almacenamento de armas nucleares, empresas que se ofrecen para reconstruír o que outras "empresas" destruíron (cavilo no Iraq, aínda que non é o único caso). En fin... Con todo, son optimista e penso que o home, talvez un home novo, un día reflexione e se acaben os egoísmos desbordados, a tolemia dun sector perigoso de humanidade e volvamos á razón, á solidariedade profunda, á xustiza, en suma.

Así, contado polo atallo, é como vexo o mundo, máis alá dos avances científicos, algúns cambios políticos positivos, e outras esperanzas.

–E que se sente ao saberse autor do gran best seller da Literatura galega, Memorias dun neno labrego*, que vai pola vixésima quinta edición, traducido ao alemán, inglés, braille, etc., e que foi obxecto de ensaios e memorias de licenciatura en universidades de Galicia, Italia, Francia, Unión Soviética e Brasil?*

–A min esas cousas non me marean. Iso si, estimúlanme para seguir escribindo. Teño en moito as traducións a outras linguas e eses estudos en universidades, etc. Impórtanme por tratarse dun libro galego, polo que significa para a Literatura galega tal confrontación, e non por ser eu o autor. En Canadá ou Alemaña, poño por caso, importa pouco o meu nome; en cambio si importa que se diga que o texto orixinal está escrito nunha lingua minoritaria, longo tempo abafada, e que se mencione a Galicia e ao pobo que fala esa lingua.

–A súa vida comeza no Val do Ulla, na parroquia carbiense de Gres en 1928. Como foi a súa infancia e primeira mocidade de neno labrego que se sentía atraído polo estudo e polas actividades artísticas?

–Traballei dende que me puxen de pé. Con 5 ou 6 anos xa facía algo. Con 7 ía co gando ao monte. Con 12 fun carteiro peón, e tres veces á semana antes de ir á escola xa andara uns dez quilómetros. Sachei, arrendei, arei, vendimei, gradei, canicei, fixen de todo. E con 16 comecei a traballar de contable nun serradoiro local. Daquela fixera a escola primaria e un curso de teneduría de libros por correspondencia. Lin canto libro había na escola e uns contos que trouxera meu pai de Bos Aires, onde estivera seis meses. Escribía versos e contos. Algúns en castelán e os máis en galego. Para o entroido poñíalle letra en galego a corridos mexicanos de moda. E redactei

Neira Vilas en 1945.

–Acabados de cumplir los ochenta años, ¿cómo se ve el mundo tras tantos periplos vitales?

–Nací durante el reinado de Alfonso XIII, pasé la República, la Guerra Civil, la posguerra, viví en la emigración 43 años y regresé en 1992. Hice periodismo en dos idiomas, publiqué libros sobre diversos temas, además de novelas y cuentos en lengua gallega, en ambas orillas del Atlántico, y desde los 22 cumplidos milité en la causa de Galicia, como nación con personalidad histórica propia que procura autogobernarse y mantener su identidad en armonía con todos los demás pueblos. Tal viene siendo mi modesta trayectoria a lo largo de estas ocho décadas. Por lo demás, me duele la situación de desigualdad creciente, que es la gran vergüenza de este desajustado e insolidario mundo en que vivimos. Es estremecedor saber que cada día se gastan tantos millones en armamento, o sea, en máquinas para matar, y otro tanto en publicidad, en anuncios para vender lo que tantísima gente en el planeta no puede ni soñar con comprar nunca. Y otras deficiencias bien conocidas y "delicadamente" ignoradas. Guerras crueles, almacenamiento de armas nucleares, empresas que se ofrecen para reconstruir lo que otras "empresas" destruyeron (pienso en Irak, aunque no sea el único caso). En fin... Con todo soy optimista y pienso que el hombre, tal vez un hombre nuevo, un día reflexione y se acaben los egoísmos desbordados, la locura de un sector peligroso de la humanidad, y recuperemos la razón, la solidaridad profunda, la justicia, en suma.

En Bos Aires, con membros das Mocedades Galeguistas e con Fernández del Riego, Ramón Suárez Picallo e Antón Alonso Ríos en 1954. | En Buenos Aires, con miembros de las Mocedades Galeguistas y con Fernández del Riego, Ramón Suárez Picallo y Antón Alonso Ríos en 1954.

máis dunha vez os "altos", en versos galegos que dicían os "xenerais", seguindo a tradición do Val do Ulla. Entre os 17 e os 20 anos integrei un grupo de teatro local, no que representabamos obras de Álvaro de las Casas, Ricardo Frade e outros autores nosos. Ler, escribir, estudar era a miña paixón. Nun medio ben pouco ou nada favorable.

–Fálenos un pouco dos seus pais. A seu pai, Xosé Neira Silva, dedicoulle Aqueles anos do Moncho*: "Na lembranza de meu pai, artesán e labrego de moita sabencia". Da súa nai traza vostede, moi poeticamente, a súa figura e a súa relación con ela no libro* Nai.

–Meu pai era carpinteiro e labrego. Un home honrado, intelixente e moi traballador. De mociño alfabetizara a todos os seus veciños no lugar boqueixonense de Rebordaos. Miña nai, intelixente, agarimosa e boa administradora dun fogar máis ben pobre e con 7 fillos para manter e encamiñar. Ambos eran certamente exemplares.

> "Entre os 17 e os 20 anos integrei un grupo de teatro local, no que representabamos obras de Álvaro de las Casas, Ricardo Frade e outros autores nosos. Ler, escribir, estudar era a miña paixón. Nun medio ben pouco ou nada favorable"

–Vostede tiña 8 anos cando estala a Guerra Civil española e "o medo rebulía debaixo das tellas, derredor do lume". Que recordos garda daqueles anos?

–Chegábanme as noticias dos veciños que recrutaban para a contenda, e dalgún que morrera en combate. Vivín os rezos na escola, e cunha bandeira pola aldea adiante "celebrabamos" algún triunfo dos "nacionais"; e oía os sermóns do señor cura, sempre ameazantes, que nos poñían medo a todos. Recordo que non había festas, non se escoitaban gaiteiros, nin bandas de música, nin estalaban foguetes, nin saía a mascarada do entroido. Os rapaces, con todo (con fame, remendos, friaxe, medos...) eramos moi vitais. Xogabamos, faciamos longas camiñadas, iamos de cantos que trajera mi padre de Buenos Aires, donde estuviera seis meses. Escribía versos y cuentos. Algunos en castellano, pero la mayoría en gallego. Por el carnaval le ponía la letra en gallego a los corridos mexicanos de moda. Y redacté más de una vez los "altos", en versos gallegos que decían los "generales", siguiendo la tradición del Valle del Ulla. Entre los 17 y los 20 años formé parte de un grupo de teatro local, en el que representábamos obras de Álvaro de las Casas, Ricardo Frade y otros autores nuestros. Leer, escribir, estudiar era mi pasión. En un medio bien poco o nada favorable.

Así, contado en breves palabras, es como veo el mundo, más allá de los avances científicos, algunos cambios políticos positivos, y otras esperanzas.

–¿Y qué se siente al saberse autor del gran best seller de la Literatura gallega, Memorias dun neno labrego*, que va por la vigésima edición, traducido al alemán, inglés, braille, etc., y que fue objeto de ensayos y memorias de licenciatura en universidades de Galicia, Italia, Francia, Unión Soviética y Brasil?*

–A mí esas cosas no me marean. Eso sí, me estimulan para seguir escribiendo. Considero mucho las traducciones a otras lenguas y esos estudios en universidades, etc. Me importan por tratarse de un libro gallego, por lo que significa para la Literatura gallega tal confrontación, y no por ser yo el autor. En Canadá o Alemania, pongo por caso, importa poco mi nombre; en cambio sí importa que se diga que el texto original está escrito en una lengua minoritaria, proscrita durante tanto tiempo, y que se mencione a Galicia y al pueblo que habla esa lengua.

> "Considero mucho las traducciones de *Memoria dun neno labrego* a otras lenguas y esos estudios en universidades, etc. Me importan por tratarse de un libro gallego, por lo que significa para la Literatura gallega tal confrontación, y no por ser yo el autor"

–Su vida comienza en el Valle del Ulla, en la parroquia cabriense de Gres en 1928. ¿Cómo fue su infancia y primera juventud de niño campesino que se sentía atraído por el estudio y por las actividades artísticas?

Trabajé desde la más tierna infancia. Con 5 ó 6 años ya hacía algo. Con 7 iba con el ganado al monte. Con 12 fui cartero y tres veces a la semana antes de ir a la escuela ya había caminado unos diez kilómetros. Saché, aré, vendimié, desterroné. Y con 16 comencé a trabajar de contable en un aserradero local. En ese momento ya hiciera la escuela primaria y un curso de teneduría de libros por correspondencia. Leí cuanto libro había en la escuela y unos cuen-

–Háblenos un poco de sus padres. A su padre, Xosé Neira Silva, le dedicó Aqueles anos do Moncho*: "Na lembranza de meu pai, artesán e labrego de moita sabencia". De su madre traza usted, muy poéticamente, su semblanza y su relación con ella en el libro* Nai.

–Mi padre era carpintero y labrador. Un hombre honrado, inteligente y muy trabajador. De joven alfabetizara a todos sus vecinos en el lugar boqueixonense de Rebordaos. Mi madre, inteligente, cariñosa y buena administradora de un hogar más bien pobre y



Nos primeiros tempos de Bos Aires. | En la primera etapa de Buenos Aires.

tarela, armabámoslle trampas aos coellos, colliamos troitas e anguías no río, etc.

–E a posguerra?

–Na posguerra reanudáronse as romarías e o entroido. Había máis fame e carencias de todo tipo que durante a guerra. Estableceuse o racionamento, que nas aldeas contiña poucos produtos. E cada tanto falábase dos fuxidos, das guerrillas, dos "foucellas". Campaba o estraperlo.

–Na súa escola de Gres, sobre todo ao rematar a guerra, o ensino supoño que se basearía na imposición lingüística do castelán e das novas ideas políticas...

–Xa durante a guerra había limitacións, pero logo foi peor. As leccións eran en castelán, aínda que podiamos falar coa mestra na lingua do país. Ata que un día nos dixo, porque así llo ordenaran, que de alí en diante todo en castelán, dentro e fóra da escola, e houbo certo distanciamento entre ela e nós, dado que na aldea só falabamos galego. Nun dos libros mencionábase a República e ela tachou frases e puxo que aquilo quedara atrás "felizmente para España". Falábanos do triunfo sobre os "roxos", cantabamos o himno da Lexión e o "Cara al sol", e veña a latricarnos sobre o Cid Campeador, Isabel e Fernando, Moscardó...

–A visión que vostede nos ofrece nas súas novelas do tempo da súa infancia é moi dura, negativa e chea de tristeza...

–Non tanto. O Balbino de *Memorias* ten algúns momentos ledos, e *Cartas a Lelo* non ten nada de triste. Os contos de *Xente no*

con 7 hijos para alimentar y encaminar. Los dos eran ciertamente ejemplares.

–Usted tenía 8 años cuando estalló la Guerra Civil española y "o medo rebulía debaixo das tellas, derredor do lume". ¿Qué recuerdos guarda de aquellos años?

–Me llegaban las noticias de los vecinos que reclutaban para la contienda, y de alguno que muriera en combate. Viví los rezos en la escuela, y con una bandera por la aldea adelante "celebrábamos" algún triunfo de los "nacionales", y oía los sermones del señor cura, siempre amenazantes, que nos metían el miedo a todos. Recuerdo que no había fiestas, no se oían gaiteros, ni bandas de música ni cohetes, no salían las máscaras del carnaval. Los chavales, con todo, (con hambre, con remiendos, frío, miedos...) éramos muy vitales. Jugábamos, hacíamos largas caminatas, les montábamos trampas a los conejos, cogíamos truchas y anguilas en el río, etc.

–¿Y en la posguerra?

–En la posguerra se reanudaron las fiestas y el carnaval. Había más hambre y carencias de todo que durante la guerra. Se estableció el racionamiento, que en las aldeas tenía pocos productos. Y cada cierto tiempo se hablaba de los huidos, de las guerrillas, de los "foucellas". Campaba el estraperlo.

–En su escuela de Gres, sobre todo al rematar la guerra, la enseñanza supongo que se basaría en la imposición lingüística del castellano y de las nuevas ideas políticas...

–Ya durante la guerra había limitaciones, pero después fue peor. Las clases eran en castellano, aunque podíamos hablar con la maestra en la lengua del país. Hasta que un día nos dijo, porque así se lo ordenaran, que en adelante todo iba a ser en castellano, dentro y fuera de la escuela, y se creó un cierto distanciamiento entre ella y nosotros, dado que en la aldea sólo hablábamos en gallego. En uno de los libros se mencionaba la República y ella tachó frases y puso que aquello quedara atrás "felizmente para España". Nos hablaba del triunfo sobre los "rojos", cantábamos el himno de la Legión y el "Cara al sol", y venga a hablarnos sobre el Cid Campeador, Isabel y Fernando, Moscardó...

–La visión que usted nos ofrece en sus novelas sobre el tiempo de su infancia es muy dura, negativa y llena de tristeza...

–No tanto. El Balbino de *Memorias* tiene algunos momentos alegres, y *Cartas a Lelo* no tiene nada de triste. Los cuentos de *Xente no rodicio* sí son tristes, dramáticos, pero así era la vida campesina en aquellos tiempos. Estas narraciones no responden, ni mucho menos, a un supuesto estado de ánimo personal; simplemente reflejan la realidad con una elaboración literaria que también quiere ser denuncia en algunos casos. Las narraciones que yo había leído en gallego hablaban de un mundo rural de gentes felices, siempre de broma, superficiales, y yo quise mostrar la asfixia de los campesinos, que era real. Quise cambiar el rumbo, decir la verdad, contar las cosas como eran.

–En 1949 decide emigrar a América e inicia su peripecia de emigrante económico. Primum vivere. ¿Cómo asentó su vida en Buenos Aires, qué trabajos ejerció?

–Fui separador de telas en una casa mayorista de tejidos, trabajé de panadero y vendedor de pastelería, vendí maderas paraguayas a comisión y la mayor parte del tiempo estuve empleado, con

rodicio si son tristes, dramáticos, pero así era a vida campesiña naqueles tempos. Estas narracións non responden, nin moito menos, a un suposto estado de ánimo persoal; simplemente reflicten a realidade cunha elaboración literaria que tamén quere ser denuncia nalgúns casos. As narracións que eu lera en galego falaban dun mundo rural de xentes felices, sempre de chanza, superficiais, e eu quixen mostrar o abafamento dos labregos, que era real. Quixen trocar de rumbo, dicir a verdade, contar as cousas como eran.

–En 1949 decide emigrar a América e comeza a súa peripecia de emigrante económico. Primum vivere. Como asentou a súa vida en Bos Aires, que traballos exerceu?

–Fun separador de teas nunha casa maiorista de tecidos, traballei de panadeiro e vendedor de pastelería, vendín madeiras paraguaias a comisión e o máis do tempo estiven empregado, con certas responsabilidades, nas oficinas dunha empresa madeireira ata 1961 en que marchamos para Cuba.

–Política e economicamente como era a Arxentina que vostede atopou?

–Economicamente moi ben. Arxentina exportaba carne e trigo á Europa desfeita pola guerra. Había traballo. Perón comezara unha industrialización do país e puxera en marcha (nun marco de demagoxia populista) certas leis sociais certamente avanzadas. Había represión, control dos sindicatos, só estaba permitido o Partido Peronista ou Xusticialista. En xeral, os emigrantes galegos nunca tivemos problemas co réxime. E nunca fomos discriminados nin laboral nin socialmente.

> “Eu formaba parte daquela riada de emigrantes que seguiu á Segunda Guerra Mundia. Marchei para estudar. Na aldea non podía superarme e nas cidades galegas busquei traballo, e non o conseguín. Quería traballar polo día e estudar de noite. Foi o que fixen en Bos Aires dende 1949 en que chego alí”

–Vostede ten afirmado moitas veces que a primeira motivación para emigrar foi poder estudar. Que estudou na Arxentina?

–Eu formaba parte daquela riada de emigrantes que seguiu á Segunda Guerra Mundial; na miña aldea tiña un emprego de oficina non mal pagado, pero con todo, marchei. Para estudar. Na aldea non podía superarme e nas cidades galegas busquei traballo, calquera traballo, e non o conseguín. Quería traballar polo día e estudar de noite. Foi o que fixen en Bos Aires dende 1949 en que chego alí. Estudei técnicas administrativas e cuestións anexas; música (acordeón) nun conservatorio privado, e fixen a carreira de Xornalismo, con posgrao sobre Literatura.

–Sendo vostede en boa medida un autodidacta, alí acadou unha sólida formación de lector ao dispoñer das versións arxentinas do máis válido da narrativa mundial: Camus, Sartre, Céline, Aragon, Kafka, Joyce, etc...

–Daquela Bos Aires era un emporio editorial. Publicábase de todo. E ademais dos brazados de libros que mercaba nos telderetes que había tras do Cabido, adquiría as novidades, sobre todo narrativa, de todos os grandes autores de vanguardia. E tamén diversos ensaios imprescindibles.

–Pero a vida dun emigrante é un “novelo encerellado”, asegura vostede no seu libro Historia de emigrantes...

–Así é. A adaptación a outro medio, etc., xera complicacións, pero había que acostumarse, tirar para diante. Non podíamos dar marcha atrás.

–En Buenos Aires descubre a identidade nacional de Galicia e a través do Centro Gallego intégrase vostede no movemento social e intelectual dos exiliados e dá a coñecer como escritor...

–Foi un descubrimento definitorio para min. Desde entón e ata hoxe non deixei de traballar, modestamente, por Galicia,

ciertas responsabilidades, en las oficinas de una empresa maderera, hasta 1961 en que marchamos para Cuba.

–Política y económicamente, ¿cómo era la Argentina que usted se encontró?

–Económicamente muy bien. Argentina exportaba carne y trigo a la Europa deshecha por la guerra. Había trabajo. Perón comenzara una industrialización del país y pusiera en marcha (en un marco de demagogia populista) ciertas leyes sociales ciertamente avanzadas. Había represión, control de los sindicatos, sólo estaba permitido el partido Peronista o Justicialista. En general, los emigrantes gallegos nunca tuvimos problemas con el régimen. Y nunca fuimos discriminados ni laboral ni socialmente.

> “En Argentina había represión, control de los sindicatos, sólo estaba permitido el partido Peronista o Justicialista. En general, los emigrantes gallegos nunca tuvimos problemas con el régimen. Y nunca fuimos discriminados ni laboral ni socialmente”

–Usted tiene afirmado muchas veces que su primera motivación para emigrar fue para poder estudiar. ¿Qué estudió en Argentina?

–Yo formaba parte de aquella riada de emigrantes que siguió a la Segunda Guerra Mundial; en mi aldea tenía un trabajo de oficina no mal pagado, pero con todo, marché. Para estudiar. En la aldea ni podía superarme y en las ciudades gallegas busqué trabajo, cualquier trabajo, y no lo conseguí. Quería trabajar por el día y estudiar de noche. Fue lo que hice en Buenos Aires desde 1949 en que llegué allí. Estudié técnicas administrativas y cuestiones anejas; música (acordeón) en un conservatorio privado, e hice la carrera de Periodismo, con postgrado de Literatura.

–Siendo usted en buena medida un autodidacta, allí logró una sólida formación de lector al disponer de las versiones argentinas de lo más válido de la narrativa mundial: Camus, Sartre, Céline, Aragon, Kafka, Joyce, etc...

–Entonces Buenos Aires era un emporio editorial. Se publicaba de todo. Y además de los montones de libros que compraba en los tenderetes que había detrás del Cabido, adquiría las novedades, sobre todo narrativa, de los grandes autores de vanguardia. Y también diversos ensayos imprescindibles.

–Pero la vida de un emigrante es un “novelo encerellado”, asegura usted en su libro Historia de emigrantes...

–Así es. La adaptación a otro medio, etc., genera complicaciones, pero había que acostumbrarse, tirar para delante. No podíamos dar marcha atrás.

–En Buenos Aires descubre la identidad nacional de Galicia y a través del Centro Gallego se integró usted en el movimiento social e intelectual de los exiliados y se da a conocer como escritor...

–Fue un descubrimiento definitorio para mí. Desde entonces y hasta hoy no he dejado de trabajar, modestamente, por Galicia,

tiva, dos grandes autores de vangarda. E tamén diversos ensaios imprescindibles.

–Pero a vida dun emigrante é un novelo encerellado, asegura vostede no seu libro Historias de emigrantes...

–Así é. A adaptación a outro medio, etc., xera complicacións. Pero había que afacerse, rachar para adiante. Non podiamos recuar.

–En Bos Aires descobre a identidade nacional de Galicia e a través do Centro Galego integrouse vostede no movemento social e intelectual dos exiliados e dáse a coñecer como escritor...

–Foi unha descuberta definitoria para min. Dende esa e ata hoxe non deixei de traballar, modestamente, por Galicia, sobre todo no eido cultural, pero con preocupación por todo o que atinxe ao presente e ao futuro deste país no que vin ao mundo. Só por iso pagou a pena emigrar e entregarme a esa fervorosa militancia.

–Vostede relacionouse moito con Luís Seoane, Rafael Dieste, Arturo Cuadrado, Blanco Amor, Lorenzo Varela, Tacholas, Rodolfo Prada. Estaba aínda moi presente o legado político de Castelao ou eran xa outros tempos?

–Estes homes e outros, poño por caso Ramón Suárez Picallo, Fiz Fernández, Alonso Ríos, Ramón de Valenzuela... foron para min mestres, compañeiros e amigos. O legado, a impronta de Castelao estaba en todo naquela década dos anos cincuenta, certamente esplendorosa para a cultura galega, no seu máis amplo sentido.

> “En Bos Aires descubrín a identidade nacional de Galicia e a dende esa e ata hoxe non deixei de traballar, modestamente, por Galicia, sobre todo no eido cultural, pero con preocupación por todo o que atinxe ao presente e ao futuro deste país no que vin ao mundo. Só por iso pagou a pena emigrar e entregarme a esa fervorosa militancia”

–En 1953 fundan as Mocedades Galeguistas...

–Si, o 28 de agosto, no Centro Ourensán. No acto inaugural falaron Alonso Ríos e Rodolfo Prada. As Mocedades eran, formalmente, a póla xuvenil da Irmandade Galega, algo así coma o Partido Galeguista no exilio, pero nós iamos máis alá nos nosos plantexamentos. Eramos claramente nacionalistas. Suárez Picallo díxonos un día que eles non compartían a nosa radicalidade, pero rematou: “de todos xeitos, se aos vinte anos un non está máis alá das cousas ¿cando o vai estar?”. As Mocedades cumpriron un importante papel entre os mozos e as mozas emigrados e moitos fillos de galegos que se achegaban á súa “patria anterior”. Publicamos o periódico *Adiante*, conmemorabamos datas patrióticas, dabamos clases de lingua galega, protestabamos ante unha representación teatral na que se ofendese aos galegos, etc., etc.

–En 1956 organizaron o Primeiro Congreso da Emigración, celebrado en Bos Aires entre o 24 e o 31 de xullo de 1956...

–Foi un evento de gran transcendencia. Traballamos moito na súa preparación (eu estaba na secretaría da comisión organizadora). Tomaron parte personalidades galegas de Estados Unidos, México, Venezuela, Uruguai, Arxentina, representacións de diversas

sobre todo en el campo cultural, pero con preocupación por todo lo que afecta al presente y al futuro de este país en el que vine al mundo. Sólo por eso valió la pena emigrar y entregarme a esta fervorosa militancia.

–Usted se relacionó mucho con Luís Seoane, Rafael Dieste, Arturo Cuadrado, Blanco Amor, Lorenzo Varela, Tacholas, Rodolfo Prada. ¿Estaba todavía muy presente el legado político de Castelao o eran ya otros tiempos?

–Estos hombres y otros, pongo por caso Ramón Suárez Picallo, Fiz Fernández, Alonso Ríos, Ramón de Valenzuela... fueron para mí maestros, compañeros y amigos. El legado, la impronta de Castelao estaba en todo en aquella década de los años cincuenta, ciertamente esplendorosa para la cultura gallega, en su más amplio sentido.

–En 1953 fundan las Mocedades Galeguistas...

–Sí, el 28 de agosto, en el Centro Ourensán. En el acto inaugural hablaron Alonso Ríos y Rodolfo Prada. Las Mocedades eran, formalmente, la rama juvenil de la Irmandade Galega, algo así como el Partido Galeguista en el exilio, pero nosotros íbamos más allá en nuestros planteamientos. Éramos claramente nacionalistas. Suárez Picallo nos dijo un día que ellos no compartían nuestra radicalidad, pero concluyó: “de todas formas, si a los veinte años uno no está más allá de las cosas ¿cuándo lo va a estar?” Las Mocedades cumplieron un importante papel entre los jóvenes emigrados y muchos hijos de gallegos que se acercaban a su “patria anterior”. Publicamos el periódico *Adiante*, conmemorábamos fechas patrióticas, dábamos clases de lengua gallega, protestábamos ante una representación teatral en la que se ofendiese a los gallegos, etc., etc.

> “Las Mocedades cumplieron un importante papel entre los jóvenes emigrados y muchos hijos de gallegos que se acercaban a su “patria anterior”. Publicamos el periódico Adiante, conmemorábamos fechas patrióticas, dábamos clases de lengua gallega, protestábamos ante una representación teatral en la que se ofendiese a los gallegos, etc.”

–En 1956 organizaron el Primeiro Congreso da Emigración, celebrado en Buenos Aires entre el 24 y el 31 de julio de 1956...

–Fue un evento de gran trascendencia. Trabajamos mucho en su preparación (yo estaba en la secretaría de la comisión organizadora). Tomaron parte personalidades gallegas de Estados Unidos, Méjico, Venezuela, Uruguay, Argentina, representaciones de diversas asociaciones de emigrantes. Era en aquellos días de 1956 un tema constante en la prensa argentina y las calles de Buenos Aires se llenaron de carteles de gran tamaño, uno de ellos con una pintura de Leopoldo Nóvoa. De Galicia llegaron relatorios diversos. Uno, colectivo, sobre la lengua gallega, suscrito por Otero Pedrayo, Ramón Cabanillas, Ramón Piñeiro, Del Riego, Gómez Román y otros.

–Y publica sus primeros versos en periódicos de Buenos Aires y Montevideo... ¿Por qué su obra poética no tuvo la misma acogida que la narrativa?

Con Anisia e Díaz Pardo en Celanova, en 1997. | Con Anisia y Díaz Pardo en Celanova, en 1997.

Neira Vilas con Anisia en Bos Aires, 1961, con directivos da Asociación Arxentina de Fillos de Galegos. | Neira Vilas en Buenos Aires, 1961, con directivos de la Asociación Argentina de Hijos de Gallegos.

asociacións de emigrantes. Era naqueles días de 1956 un tema constante na prensa arxentina e as rúas de Bos Aires enchéronse de carteis de gran tamaño, un deles cunha pintura de Leopoldo Nóvoa. De Galicia chegaron relatorios diversos. Un, colectivo, sobre a lingua galega, subscrito por Otero Pedrayo, Ramón Cabanillas, Ramón Piñeiro, Del Riego, Gómez Román e outros.

–E publica os seus primeiros poemas en xornais de Bos Aires e Montevideo... Por que a súa obra poética non acadou a mesma acollida cá narrativa?

–Coma tantos empecei polo verso. Na prensa galega do Prata publiquei de todo: poemas, artigos, narracións. Publicaba, e isto ocorría en América. Era un fervoroso exercicio da palabra escrita. Tardei en pensar en libro. O primeiro que dei a coñecer foi un ca-

–Como tantos empecé por el verso. En la prensa gallega del Plata publiqué de todo: poemas, artículos, narraciones. Publicaba, y esto ocurría en América. Era un fervoroso ejercicio de la palabra escrita. Tardé en pensar en libro. El primero que di a conocer fue un cuaderno de versos, *Dende lonxe*, en 1960, cuando ya llevaba ocho años publicando de todo en las revistas y semanarios gallegos (*Galicia*, *Adiante*, *Lugo*, *Opinión Gallega*, *Galicia Emigrante*, *Orzán*...). Muchos de los cuentos que recoge la profesora Nora Longhini en el libro *Neira Vilas. Os anos de Argentina*, vieron la luz en las publicaciones periódicas de nuestra emigración. Hay, por tanto, mucha narrativa y mucho de todo, con abundantes defectos, que conforma mi prehistoria de escritor aficionado (igual que Cortázar prefiero decir así y nunca "profesional", que me parece inexacto y exagerado). Siempre escribí y escribo poesía, pero publico poca... En cuanto a la acogida, no es cosa mía.

–Y apareció Anisia Miranda... Era cubana, hija de emigrantes orensanos, y se casan en Buenos Aires en 1957.

–Anisia es mi compañera inseparable desde 1955. Nos casamos en Buenos Aires en 1957. Juntos estudiamos periodismo. Juntos fundamos Follas Novas, editorial y distribuidora del libro gallego en América. Juntos marchamos para Cuba en 1961. Juntos

derno de versos, *Dende lonxe*, en 1960, cando xa levaba oito anos publicando de todo nas revistas e semanarios galegos (*Galicia*, *Adiante*, *Lugo*, *Opinión Gallega*, *Galicia Emigrante*, *Orzán*...). Moitos dos contos que recolle a profesora Nora Longhini no libro *Neira Vilas. Os anos de Arxentina*, viron a luz nas publicacións periódicas da nosa emigración. Hai, por tanto, moita narrativa e moito de todo, con abondosos defectos, que conforma a miña "prehistoria" de escritor afeccionado (igual ca Cortázar prefiro dicir así e nunca "profesional", que me parece inexacto e esaxerado). Sempre escribín e escribo poesía, pero publico pouca.. En canto á acollida, non é cousa miña.

–E apareceu Anisia Miranda... Era cubana, filla de emigrantes ourensáns, e casan en Bos Aires en 1957.

–Anisia é a miña compañeira inseparable dende 1955. Casamos en Bos Aires en 1957. Xuntos estudamos xornalismo. Xuntos fundamos Follas Novas, editorial e distribuidora do libro galego en América. Xuntos marchamos para Cuba en 1961. Xuntos traballamos na revista infantil *Zunzún*. E xuntos creamos no meu Gres natal, no val do Ulla, un centro cultural, rexido por unha Fundación á que lle puxemos o meu nome, a partir da doazón que fixemos da casa labrega onde nacín. Nese centro ela vén traballando moito e atendeu a biblioteca pública durante case dous anos, antes de termos bibliotecaria.

–Tamén en 1957 funda con Anisia a librería, editorial e centro cultural Follas Novas, unha das experiencias máis estimulantes do libro galego. En que consistiu?

–Fundamos esta organización libreira e editorial o 15 de xullo de 1957, aniversario do pasamento de Rosalía de Castro, cinco meses despois de casarmos. Tivo moi boa acollida nos medios culturais galegos. En Bos Aires publicábanse moitos libros a través de editoriais coma Emecé, Nova, Botella al Mar, Alborada, Galicia, Nós, As Burgas, Citania..., pero carecíase dun medio de distribución. Luís Seoane, un dos principais animadores destas edicións, lamentábase desa carencia. E un pouco por unha conversa que tivemos en 1954 con Del Riego, outro pouco a partir dos debates do Congreso da Emigración, e enriba de todo polo fervor galego que nos animaba, e dado o noso gusto polos libros, botamos a andar esta iniciativa, que Ricardo Palmás cualificou como unha das últimas mostras da vigorosa colectividade galega de Bos Aires, e Seoane véndonos cun telderete vendendo libros nos actos culturais e patrióticos galegos dixo que tratabamos de vender libros "perdendo cartos e recuperando vontades para Galicia". Tiña razón.

–Imprimimos catálogos que enviamos a toda América, creamos unha especie de filiais en varios países do continente e en cidades do interior arxentino, montamos unha exposición de xornalismo galego na Arxentina, fixemos exposicións do libro galego en Bos Aires, Montevideo e Caracas. Nas oito máis importantes sociedades galegas tiñamos instaladas unhas vitrinas con mostras de libros galegos que iamos renovando a medida que nos chegaban novidades. Comentabamos libros na radio, organizamos no Centro Lucense unha homenaxe a Otero Pedrayo cando visitou o Prata en 1959, acto no que, ademais de nós os dous, falaron Dieste, Valenzuela, Suárez Picallo, Xosé Blanco Amor e Víctor Luís Molinari, e asistiron Seoane, Emilio Pita, Lorenzo Varela e outras perso-

trabajamos en la revista juvenil *Zunzún*. Y juntos creamos en mi Gres natal, en el valle del Ulla, un centro cultural, regido por una Fundación a la que le pusimos mi nombre, a partir de una donación que hicimos de la casa campesina en donde nací. En este centro ella viene trabajando mucho y atendió la biblioteca pública durante casi dos años, antes de tener bibliotecaria.

–También en 1957 funda con Anisia la librería, editorial y centro cultural Follas Novas, una de las experiencias más estimulantes del libro gallego ¿En qué consistió?

–Fundamos esta organización librera y editorial el 15 de julio de 1957, aniversario del fallecimiento de Rosalía de Castro, cinco meses después de casarnos. Tuvo muy buena acogida en los me-



En Pontevedra cos poetas Uxío Novoneyra, Bernardino Graña e Manuel María, en 1994. | En Pontevedra con los poetas Uxío Novoneyra, Bernardino Graña y Manuel María, en 1994.

dios culturales gallegos. En Buenos Aires se publicaban muchos libros a través de editoriales como Emecé, Nova, Botella al Mar, Alborada, Galicia, Nós, As Burgas, Citania..., pero se carecía de un medio de distribución. Luis Seoane, uno de los principales animadores de estas ediciones, se lamentaba de esa carencia. Y un poco por una conversación que tuvimos en 1954 con Del Riego, otro poco a partir de debates del Congreso de la Emigración y, sobre todo, por el fervor gallego que nos animaba, y dado nuestro gusto por los libros, pusimos en marcha esta iniciativa, que Ricardo Palmás calificó como una de las últimas muestras de la vigorosa colectividad gallega de Buenos Aires, y Seoane viéndonos con un ten-

nalidades, mantiñamos todos os sábados encontros culturais na sede de Follas Novas, aos que asistían galegos e mozos arxentinos de ascendencia galega (comentabamos libros, liamos poemas, falabamos de aspectos políticos, sociais e económicos de Galicia). Cos mozos e mozas arxentinos que asistían creamos a Asociación Arxentina de Fillos de Galegos, que acadaría unha frutífera actividade ofrecendo conferencias, clases de galego e instalando campamentos estudantís na Patagonia, que levaban nomes de obras literarias galegas. Tamén publicaron a revista *Alén Mar*.

Cando Anisia e máis eu marchamos para Cuba quedou a cargo de Follas Novas Elsa Fernández, unha moza arxentina vinculada á cultura galega, pero Elsa faleceu prematuramente en 1964 e Follas Novas desapareceu.

–Que foi AGUEA?

–AGUEA quere dicir Asociación Galega de Universitarios, Escritores e Artistas. Levou a cabo un labor cultural importante: conferencias, exposicións itinerantes, homenaxes, concertos. O máis significativo, ao meu ver, foron as clases que ofrecían algúns dos seus membros máis destacados, de Lingua, Literatura, Xeografía, Historia, Economía, Arte, de Galicia, en lingua galega. Ofrecíanse de xeito alterno nos Centros Lucense, Pontevedrés, Ourensán... Eran gratuítas. Había moitos alumnos e Anisia e máis eu asistiamos invariablemente. Os profesores eran Eduardo Blanco Amor, Rafael Dieste, Alberto Vilanova, Ramón de Valenzuela, Antonio Baltar...

> “AGUEA quere dicir Asociación Galega de Universitarios, Escritores e Artistas. Levou a cabo un labor cultural importante: conferencias, exposicións itinerantes, homenaxes, concertos”

–Follas Novas tamén acolleu unha dimensión editorial, que foi na que publicou en 1961 as Memorias dun neno labrego...

–A actividade editorial ía parella á de distribución. Publicamos títulos como *Esta es Cuba, hermano*, de Anisia, e o meu *Dende lonxe* (1960), ambos de poesía. En 1961 saíu a primeira edición de *Memorias dun neno labrego*. Logo sairían outros, de Xosé Conde, Víctor Luís Molinari...

–Vostede chegou a Bos Aires como emigrante económico, pero relacionouse, sobre todo, cos exiliados. Como se transmitían dun a outro as inquedanzas entre estes dous segmentos sociais dos galegos en Arxentina?

–Eu relacioneime indistintamente cos emigrantes históricos do galeguismo, que en xeral levaban moitos anos alí, e cos exiliados da Guerra Civil. Levábame ben con uns e cos outros. Cos primeiros reafirmábame na miña formación dende o punto de vista do que se viña facendo por Galicia dende a Sociedade Nazonalista Pondal e aínda antes, do labor nas asociacións, nas conmemoracións patrias (aniversario da morte de Castelao e do fusilamento de Bóveda, día do plebiscito do Estatuto de Autonomía de Galicia...

derete vendiendo libros en los actos culturales y patrióticos gallegos dijo que tratábamos de vender libros “perdiendo dinero y recuperando voluntades para Galicia”. Tenía razón.

Imprimimos catálogos que enviamos a toda América, creamos una especie de filiales en varios países del continente y en ciudades del interior argentino, montamos una exposición de periodismo gallego en Argentina, hicimos exposiciones del libro gallego en Buenos Aires, Montevideo y Caracas. En las ocho más importantes sociedades gallegas teníamos instaladas unas vitrinas con muestras de libros gallegos que íbamos renovando a medida que nos llegaban novedades. Comentábamos libros en la radio, organizamos en el Centro Lucense un homenaje a Otero Pedrayo cuando visitó el Plata en 1959, acto en el que, además de nosotros dos, hablaron Dieste, Valenzuela, Suárez Picallo, Xosé Blanco Amor y Víctor Luis Molinari, y asistieron Seoane, Emilio Pita, Lorenzo Varela y otras personalidades, manteníamos todos los sábados encuentros culturales en la sede de Follas Novas, a los que asistían gallegos y jóvenes argentinos de ascendencia gallega (comentábamos libros, leíamos poemas, hablábamos de aspectos políticos, sociales y económicos de Galicia). Con los jóvenes argentinos que asistían creamos la Asociación Argentina de Hijos de Gallegos, que alcanzaría una fructífera actividad ofreciendo conferencias, clases de gallego e instalando campamentos estudiantiles en la Patagonia, que llevaban nombres de obras literarias gallegas. También publicaron la revista *Alén Mar*.

> “Creamos la Asociación Argentina de Hijos de Gallegos, que alcanzaría una fructífera actividad ofreciendo conferencias, clases de gallego e instalando campamentos estudiantiles en la Patagonia, que llevaban nombres de obras literarias gallegas”

Cuando Anisia y yo marchamos para Cuba quedó a cargo de Follas Novas Elsa Fernández, una chica argentina vinculada a la cultura gallega, pero Elsa falleció prematuramente en 1964 y Follas Novas desapareció.

–¿Qué fue AGUEA?

–AGUEA quiere decir Asociación Galega de Universitarios, Escritores e Artistas. Desarrolló una importante labor cultural. Conferencias, exposiciones itinerantes, homenajes, conciertos. Lo más significativo, en mi opinión, fueron las clases que ofrecían algunos de sus miembros más destacados, de Lengua, Literatura, Geografía, Historia, Economía, Arte, de Galicia, en lengua gallega. Se ofrecían de manera alterna en los Centros Lucense, Pontevedrés, Ourensán... Eran gratuitas. Había muchos alumnos y Anisia y yo asistíamos invariablemente. Los profesores eran Eduardo Blanco Amor, Rafael Dieste, Alberto Vilanova, Ramón de Valenzuela, Antonio Baltar...

–Follas Novas también contemplaba una dimensión editorial, que fue en la que publicó en 1961 las Memorias dun neno labrego...

–La actividad editorial iba paralela a la de distribución. Publicamos títulos como *Ésta es Cuba, hermano*, de Anisia, y mi *Dende*

cia e outras datas). Cos exiliados adquirira un nivel de cultura e de información máis universal, unha visión da etapa republicana (Misións Pedagóxicas, Fronte Popular, etc.). Entre os galeguistas e os exiliados había por veces certos malentendidos, certos roces, pero nunca enfrontamentos serios, pois as ideas eran en definitiva as mesmas: república, antifranquismo, autonomía galega, futuro de Galicia. Non só me levaba ben, como digo, con uns e outros, senón que moitas veces teño feito de ponte, de enlace entre eles para luír asperezas.

–Moi asentado en Bos Aires, en 1961 Anisia e vostede dan un paso á fronte e deciden comprometerse coa Revolución cubana. Por que?

–Nós xa viñamos colaborando co comité local do Movemento 26 de Julio vendendo bonos, participando en charlas informativas, divulgando a loita que se viña desenvolvendo na Serra Mestra. O dito comité, por xestión nosa, chegou ter a sede no Centro Ourensán. Na véspera da fuxida do tirano Batista, o embaixador cubano entregoulle a sede da legación ao M-26-7. E houbo un acto público na Avenida Santa Fe. Alí coñecemos a personalidades arxentinas que simpatizaban coa loita encabezada por Fidel Castro, entre elas o pai do Che. Ao outro día, o 1 de xaneiro de 1959, chamounos por teléfono o poeta Nicolás Guillén, que chegara pouco antes a Bos Aires dende o seu exilio francés e deunos a noticia do triunfo revolucionario. Vivimos todo iso con moito entusiasmo e moita emoción, e dende o primeiro momento decidimos tomar parte naquela fermosa aventura, aínda que sabiamos que non estaba exenta de incomodidades e riscos iniciais. Non puido ser antes, pero o 30 de xuño de 1961, dous días despois dunha cea de despedida que nos ofreceron Díaz Pardo, Lala e Laxeiro, Carme e Rafael Dieste, Antón Baltar, Xosé Núñez Búa, Maruxa e Luís Seoane e outros bos amigos, collemos o avión. Tiñamos unha vida asentada en Bos Aires, pero o que ocorría naquela fermosa illa, tan vinculada por outra parte aos galegos, facíasenos moi atractivo.

> “Entre os galeguistas e os exiliados había por veces certos malentendidos, certos roces, pero nunca enfrontamentos serios, pois as ideas eran en definitiva as mesmas: república, antifranquismo, autonomía galega, futuro de Galicia”

–No novo Estado cubano vostede desempeñou cargos de responsabilidade e viviu alí 31 anos. Cal é agora, con xa tantos de distancia, a súa visión daquela etapa histórica, e, sobre todo, a súa relación co Che, pois vostede ocupou cargos directivos nunha empresa do Ministerio de Industria do que era el titular?

–Ocupei, efectivamente, diferentes cargos no novo Estado. O último traballo que desempeñei no Ministerio da Industria Básica, antes de pasar a ocuparme da xefatura de redacción da revista infantil *Zunzún*, na que viña traballando Anisia, fundadora da mesma, *lonxe* (1960), ambos de poesía. En 1961 salió a primera edición de *Memorias dun neno labrego*. Después salieron otros, de Xosé Conde, Víctor Luis Molinari...

–Usted llegó a Buenos Aires como emigrante económico, pero se relacionó, sobre todo, con los exiliados. ¿Cómo se transmitían de uno a otro las inquietudes entre estos dos segmentos sociales de los gallegos en Argentina?

–Yo me relacioné indistintamente con los emigrantes históricos del galleguismo, que en general llevaban muchos años allí, y con los exiliados de la Guerra Civil. Me llevaba bien con unos y con otros. Con los primeros me reafirmaba en mi formación desde el punto de vista de lo que se venía haciendo por Galicia desde la Sociedade Nazonalista Pondal e incluso antes, del trabajo en las asociaciones, en las conmemoraciones patrias (aniversario de la muerte de Castelao y del fusilamiento de Bóveda, día del plebiscito del Estatuto de Autónoma de Galicia y otras efemérides). Con los exiliados adquiriera un nivel de cultura y de información más universal, una visión de la etapa republicana (Misiones Pedagógicas, Frente Popular, etc.). Entre los galleguistas y los exiliados había muchas veces malentendidos, ciertos roces, pero nunca enfrentamientos serios, pues las ideas eran en definitiva las mismas: República, antifranquismo, autonomía gallega, futuro de Galicia. No sólo me llevaba bien, como digo, con unos y otros, sino que muchas veces hice de puente, de enlace entre ellos para limar asperezas.

–Muy asentados en Buenos Aires, en 1961 Anisia y usted dan un paso al frente y deciden comprometerse con la Revolución cubana. ¿Por qué?

–Nosotros ya colaborábamos con el comité local del Movimiento 26 de julio vendiendo bonos, participando en charlas informativas, divulgando la lucha que se desarrollaba en Sierra Maestra. Dicho comité, por gestión nuestra, llegó a tener sede en el Centro Ourensán. La víspera de la huida del tirano Batista, el embajador cubano le entregó la sede de la legación al M-26-7. Y hubo un acto público en la Avenida Santa Fe. Allí conocimos a personalidades argentinas que simpatizaban con la lucha encabezada por Fidel Castro, entre ellas el padre del Che. Al otro día, el primero de enero de 1959, nos llamó por teléfono el poeta Nicolás Guillén, que había llegado poco antes a Buenos Aires desde su exilio francés y nos dio la noticia del triunfo revolucionario. Vivimos todo eso con gran entusiasmo y mucha emoción, y desde el primer momento decidimos tomar parte en aquella hermosa aventura, aunque sabíamos que no estaba exenta de incomodidades y de riesgos iniciales. No pudo ser antes, pero el 30 de junio de 1961, dos días después de una cena que nos ofrecieron Díaz Pardo, Lala y Laxeiro, Carmen y Rafael Dieste, Antón Baltar, Xosé Núñez Búa, Maruja y Luis Seoane y otros buenos amigos, cogimos el avión. Teníamos una vida asentada en Buenos Aires, pero lo que sucedía en aquella hermosa isla, tan vinculada por otra parte a los gallegos, se nos hacía muy atractivo.

–En el nuevo Estado cubano usted desempeñó cargos de responsabilidad y vivió allí 33 años. ¿Cuál es ahora, con ya tantos años de distancia, su visión de aquella etapa histórica y, sobre todo, su relación con el Che, pues usted ocupó cargos directivos en una empresa del Ministerio de Industria del que él era titular?

–Ocupé, efectivamente, diferentes cargos en el nuevo Estado. El último trabajo que desempeñé en el Ministerio de Industria Bá-

foi o de dirixir un departamento que coordinaba os organismos internacionais. En canto ao Che, estiven con el na inauguración de varias fábricas e tiven o privilexio de participar en reunións que el presidía cada dous meses, durante tres anos. Ata que marchou para o Congo (iso soubémolo, claro está, moito despois). Era un home dunha gran calidade humana e dunha lucidez extraordinaria, dunha visión nada común do acontecer do mundo.

–Novo cambio de rumbo e en 1969 crea a sección galega do Instituto de Literatura e Lingüística de Cuba. Ofrézanos unha breve visión das actividades históricas e actuais do Instituto.

–Seguín traballando no Ministerio, pero a 50 metros estaba o Instituto de Literatura e Lingüística e un día propúxenlle ao profesor José Antonio Portuondo, director do mesmo, crear unha sección galega. Aceptou. Eu traballaba nos dous lugares. O Instituto deume unhas mínimas facilidades: un local, unha investigadora e espazo para os nosos actos. Longo sería reseñar todo o noso labor nos 22 anos que rexín este departamento (sen recibir remuneración ningunha). Conferencias, exposicións, creación dun fondo bibliográfico sobre a emigración, que hoxe é o maior de América; estudos sobre Cabanillas, Blanco Torres, Arturo Souto, Ramón de la Sagra, Armada Teixeiro, etc.; índices das publicacións periódicas galegas, apadriñamento da escola Concepción Arenal e moitas outras actividades. Ese fondo segue ben atendido na actualidade. E teñen ido alí bolseiros alemáns e galegos para realizar traballos sobre a nosa emigración.

–E escribe máis ca nunca.

–Certo. En Cuba escribín a maior parte dos meus libros, tanto de ficción como de investigación.

–Dúas obras teñen un carácter especial: Lar *(1973), na que efectúa un percorrido por espazos da cultura campesiña, e* Nai *(1980), libro no que traza a figura de súa nai e a súa relación con ela...*

–Escribín *Lar* na Habana tras regresar da primeira viaxe de retorno. Son evocacións do eido orixinario. *Nai* contén recordos sobre Manuela Vilas, miña nai. E tamén *Pan* (1986), que trata da peripecia do home para gañar o sustento de cada día. Tres títulos en monosílabo. Foron escritos con seis anos de diferenza entre un e outro. Breves prosas líricas unidas pola lembranza. Co título de *Charamuscas* saíron nun mesmo volume en 1993.

–Nos contos de Tempo novo *(1987) explícanos o comportamento dos emigrantes galegos durante o proceso revolucionario. Como reaccionaron diante desa situación os nosos emigrantes?*

–O comportamento foi diverso, pero en xeral positivo, quero dicir que favorable ao proceso revolucionario. Coñecín paisanos nas xornadas de traballo voluntario, nas milicias populares, nos comités de defensa, en fin, incorporados a un novo facer social. Galegos que tomaron parte na campaña de alfabetización e nas marchas do primeiro de maio. E tamén algúns contrarios ao proceso. Esa realidade, en efecto, tratei de mostrala en *Tempo novo*.

–Hai aínda outra faciana da súa creatividade, que é a literatura para nenos, pois vostede ten asegurado en máis dunha ocasión que non é escritor completo quen non pensa nos nenos como posibles lectores, quen non intenta un libro para a nenez...

Talvez influído por Anisia, que publicou máis dunha ducia de libros (teatro, poesía, narrativa) para nenos, fundou revista infantil *Zunzún*, na que venía trabajando Anisia, fundadora de la misma, fue el de dirigir un departamento que coordinaba los organismos internacionales. En cuanto al Che, estuve con él en la inauguración de varias fábricas y tuve el privilegio de participar en reuniones que él presidía cada dos meses, durante tres años. Hasta que marchó para el Congo (eso lo supimos, claro está, mucho después). Era un hombre de una gran calidad humana y de una lucidez extraordinaria, de una visión nada común del acontecer del mundo.

–Nuevo cambio de rumbo y en 1969 crea la sección gallega del Instituto de Literatura y Lingüística de Cuba. Ofrézcanos una breve visión de las actividades históricas y actuales del Instituto.

–Seguí trabajando en el Ministerio, pero a 50 metros estaba el Instituto de Literatura y Lingüística y un día le propuse al profesor José Antonio Portuondo, director del mismo, crear una Sección gallega. Aceptó. Yo trabajaba en los dos sitios. El Instituto me dio unas mínimas facilidades: un local, una investigadora y espacio para nuestros actos. Largo sería reseñar todo nuestro trabajo en los 22 años que regí este departamento (sin recibir remuneración alguna). Conferencias, exposiciones, creación de un fondo bibliográfico sobre la emigración, que hoy es el mayor de América; estudios sobre Cabanillas, Blanco Torres, Arturo Souto, Ramón de la Sagra, Armada Teixeiro, etc.; índices de las publicaciones periódicas gallegas, apadrinamiento de la escuela Concepción Arenal y muchas otras actividades. Ese fondo sigue bien atendido actualmente. Y han ido becarios alemanes y gallegos para realizar trabajos sobre nuestra emigración.

> “En el Instituto de Literatura y Lingüística le propuse al profesor José Antonio Portuondo crear una Sección gallega, un fondo bibliográfico sobre la emigración, que hoy es el mayor de América”

–Y escribe más que nunca.

–Cierto. En Cuba escribí la mayor parte de mis libros, tanto de ficción como de investigación.

–Dos obras tienen un carácter especial: Lar *(1973), en la que efectúa un recorrido por espacios de la cultura campesina, y* Nai *(1980), libro en el que traza la figura de su madre y su relación con ella...*

–Escribí *Lar* en La Habana tras regresar del primer viaje de retorno. Son evocaciones de mi mundo originario. *Nai* contiene recuerdos de Manuela Vilas, mi madre. Y también *Pan* (1986), que trata de la peripecia del hombre para ganar el sustento de cada día. Tres títulos en monosílabo. Fueron escritos con seis años de diferencia entre uno y otro. Breves prosas líricas unidas por el recuerdo. Con el título de *Charamuscas* salieron en un mismo volumen en 1993.

tas coma *Zunzún* e *Bijirita* e fixo teatro nas escolas, escribín eu libros coma *Cartas a Lelo*, *O cabaliño de buxo*, *A marela Taravela*, *Espantallo amigo*, *De cando o Suso foi carteiro* e *Chegan forasteiros*. Resúltame especialmente entrañable dirixirme a nenos e nenas, contarlles historias, recrear por escrito a lingua que en xeral empregan dende que comezan a falar. É un exercicio tenro. E penso que tamén un deber de todo escritor que se sinta apto para esta tarefa.

–Despois de vinte anos escribindo obras de creación literaria asumiu a responsabilidade de investigar a tarefa dos galegos no Novo Mundo. Dezaseis libros entre os que se poderían destacar Galegos no golfo de México *(1980)*, Castelao en Cuba *(1983)*, Rosalía de Castro e Cuba *(1992)*, A lingua galega en Cuba *(1995)*, Memoria da emigración *(tres tomos, 1994, 1995 e 1996)*, Galegos que loitaron pola independencia de Cuba *(1998)*, Manuel Murguía e os galegos da Habana *(2000)*...

–Deixei un día, non de todo, a ficción literaria para dedicarme a investigar sobre a presenza galega en América, e en particular en Cuba. Tiña diante tal cantidade de posibilidades que me sentín obrigado a traballar niso. Foron moitos anos de investigación rigorosa e apaixonada. E foron vendo a luz os títulos mencionados e outros. Ademais dos libros monográficos dei a coñecer centos de artigos arredor destes e doutros temas

–E aínda quedan as traducións ao galego de obras de Ho Chi Minh, José Martí, Fidel Castro, Nicolás Guillén e Alejo Carpentier.

–Ademais de a eses autores tamén traducín un libro de Anisia sobre mitoloxía grega. Sempre me gustou o exercicio da tradución. É un xeito de "probar" o galego, saborealo, instalarme nel a partir doutra lingua. Un fermoso xogo. De todo isto teño falado moito con Eduardo Blanco Amor en Bos Aires.

–A Guillén e a Carpentier supoño que os coñecería persoalmente...

–Coñecín a ambos e dos dous fomos amigos Anisia e máis eu. Guillén estivo na nosa casa de Bos Aires e Carpentier na da Habana. E viámonos seguido con ambos. Xa contei que Nicolás me chamou por teléfono o primeiro día de 1959 para darnos a noticia da fuxida do tirano Batista. En canto a Carpentier, Anisia traballou ás súas ordes na Editorial Nacional e amistamos con el e con Lilia, a súa muller. Cando lle contamos a versión de que talvez en Compostela non estivese Santiago, senón Prisciliano, riuse a cachón e dende esa mandábanos os seus libros de París, onde estivo os seus últimos anos como conselleiro cultural, coa dedicatoria de "a los priscilianistas herejes..."

–En 1972, tras 24 anos de ausencia volve por primeira vez a Galicia. Por que tanto tempo sen visitar a súa terra, sen andar outra vez polos carreiros que tripou de neno e que, sen embargo, evocaba a cotío literariamente?

–Cos cambios de país (Arxentina-Cuba) e de actividades e ata de clima foi pasando o tempo e cheguei aos case 24 anos de ausencia. Pero debo dicir, parafraseando a Castelao, que vivín sempre en Galicia. Correspondencia, prensa, libros, informacións diversas que me chegaban puntualmente. E eu inquiría, preguntaba. Mentres, a evocación da infancia, os recordos da aldea, a busca teimosa da pegada galega deixada polos emigrantes e o trato constante cos que ían quedando, mantíñanme actualizado.

–En los cuentos de Tempo novo *(1987) nos explica el comportamiento de los emigrantes gallegos durante el proceso revolucionario. ¿Cómo reaccionaron ante esa situación nuestros emigrantes?*

–El comportamiento fue diverso, pero en general positivo, quiero decir que favorable al proceso revolucionario. Conocí paisanos en las jornadas de trabajo voluntario, en las milicias populares, en los comités de defensa, en fin, incorporados a un nuevo hacer social. Gallegos que tomaron parte en la campaña de alfabetización y en las marchas del primero de mayo. Y también algunos contarios al proceso. Esa realidad, en efecto, traté de mostrarla en *Tempo novo*.

–Nos queda todavía otra faceta de su creatividad, que es la literatura para niños, pues usted aseguró en más de una ocasión que no es escritor completo quien no piensa en los niños como posibles lectores, quien no intenta un libro para la infancia...

–Quizá influido por Anisia, que publicó más de una docena de libros (teatro, poesía, narrativa) para niños, fundó revistas como *Zunzún*, y *Bijirita* e hizo teatro en las escuelas, escribí libros como *Cartas a Lelo*, *O cabaliño de buxo*, *A marela Taravela*, *Espantallo amigo*, *De cando o Suso foi carteiro* e *Chegan forasteiros*. Me resulta especialmente entrañable dirigirme a niños y niñas, contarles historias, recrear por escrito la lengua que en general emplean desde que comienzan a hablar. Es un ejercicio de ternura. Y pienso que también un deber de todo escritor que se sienta apto para esta tarea.

–Después de veinte años escribiendo obras de creación literaria asumió la responsabilidad de investigar la tarea de los gallegos en el Nuevo Mundo. Dieciséis libros entre los que se podrían destacar Galegos no golfo de México *(1980)*, Castelao en Cuba *(1983)*, Rosalía de Castro e Cuba *(1992)*, A lingua galega en Cuba *(1995)*, Memoria da emigración *(tres tomos, 1994, 1995 y 1996)*, Galegos que loitaron pola independencia de Cuba *(1998)*, Manuel Murguía e os galegos de Cuba *(2000)*...

Deje un día, no de todo, la ficción literaria para dedicarme a investigar sobre la presencia gallega en América, y en particular en Cuba. Tenía delante tal cantidad de posibilidades que me sentí obligado a trabajar en eso. Fueron muchos años de investigación rigurosa y apasionada. Y fueron viendo la luz los títulos mencionados y otros. Además de los libros monográficos di a conocer cientos de artículos sobre éstos y otros temas.

–Y todavía quedan las traducciones al gallego de obras de Ho Chi Minh, José Martí, Fidel Castro, Nicolás Guillén y Alejo Carpentier.

–Además de a esos autores también traduje un libro de Anisia sobre mitología griega. Siempre me gustó el ejercicio de la traducción. Es una manera de "probar" el gallego, saborearlo, instalarme en él a través de otra lengua. Un hermoso juego. De todo esto he hablado mucho con Eduardo Blanco Amor en Buenos Aires.

–A Guillén y a Carpentier supongo que los conocería personalmente...

–Conocí a ambos y de los dos fuimos amigos Anisia y yo. Guillén estuvo en nuestra casa de Buenos Aires y Carpentier en la de La Habana. Y nos veíamos mucho con ambos. Ya conté que Nicolás me llamó por teléfono el primer día de 1959 para darnos la noticia de la huida del tirano Batista. En cuanto a Carpentier, Anisia trabajó a sus órdenes en la Editorial Nacional y amistamos con él y con Lilia, su mujer. Cuando le contamos la versión de que posiblemente en Compostela no estuviese Santiago sino Prisciliano, se rió a mandíbula suelta y desde entonces nos mandaba sus libros

Na distancia, traballando polo país dende a outra banda do mar era como se vivise a lenda do paxariño de Armenteira. E o tempo ía pasando. O reencontro cos meus e coa terra onde nacín foi causa dunha emoción imposible de describir.

–En 1992 abandona definitivamente Cuba e instalase con Anisia na súa aldea natal, onde preside a Fundación que leva o seu nome. Cal é a función da Fundación Neira Vilas e como é a súa vida en Gres actualmente?

–Eu doei a miña casiña natal, en ruínas, coa condición de que se restaurase e se crease nela unha biblioteca pública, talvez querendo compensar a carencia de libros que tivemos Anisia e máis eu, en territorios distintos, durante a infancia, pero a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia foi máis alá: restaurou a chamada "Casa do Romano", fixo unha nova edificación. E nós vivimos aquí, á beira deste centro cultural, atendémolo e continuamos traballando pola cultura galega como vimos facendo dende hai máis de 50 anos.

Neira Vilas lendo o discurso de ingreso na Real Academia Galega en 2001. | Neira Vilas leyendo el discurso de ingreso en la Real Academia Galega en 2001.

–Eu presido a Fundación e Anisia é a vicepresidenta, pero todo isto non foi idea nosa. En Cultura crearon unha entidade xurídica para que o labor que se fai en Gres teña continuidade máis alá das nosas vidas. As funcións deste centro cultural, o único do seu tipo en toda a Galicia rural, consisten en: servizo de luns a sábado dunha biblioteca pública (con 8.600 volumes) que conta cunha sala de lectura para nenos e adolescentes e outra para adultos; unha sala de exposicións e concertos; un museo etnográfico cunhas 300 pezas, sobre todo con trebellos usuais noutrora na comarca. E en anos alternos convocamos, a nivel de toda Galicia, os premios Arume e Estornela, de poesía e teatro, respectivamente, para nenos.

–Entre os noso proxectos está a próxima publicación do libro *Santiago de Gres e arredores,* a creación dun centro de documentación relacionado coa historia desta comarca do Val do Ulla, e matinamos na idea de botar a andar un grupo de teatro infantil. G

de París, en donde estuvo sus últimos años como consejero cultural, con la dedicatoria de "a los priscilianistas herejes...".

–En 1972, tras 24 años de ausencia vuelve por primera vez a Galicia. ¿Por qué tanto tiempo sin visitar su tierra, sin andar otra vez los caminos que pisó de niño y que, sin embargo, evocaba constantemente en sus escritos?

–Con los cambios de país (Argentina-Cuba) y de actividades y hasta de clima fue pasando el tiempo y llegué a los casi 24 años de ausencia. Pero debo de decir, parafraseando a Castelao, que viví siempre en Galicia. Correspondencia, prensa, libros, informaciones diversas que me llegaban puntualmente. Y yo inquiría, preguntaba. Mientras, la evocación de la infancia, los recuerdos de la aldea, la busca constante de las huellas gallegas dejadas por los emigrantes y el trato diario con los que se quedaban, me mantenía actualizado. En la distancia, trabajando por el país desde la otra orilla del mar era como si viviese la leyenda del pájaro de Armenteira. Y el tiempo iba pasando. El reencuentro con los míos y con la tierra en la que nací fue causa de una emoción imposible de describir.

–En 1992 abandona definitivamente Cuba y se instala con Anisia en su aldea natal, donde preside la Fundación que lleva su nombre. ¿Cuál es la función de la Fundación Neira Vilas y cómo es su vida en Gres actualmente?

–Yo doné mi casa natal, en ruinas, con la condición de que se restaurase y se crease una biblioteca pública, quizás queriendo compensar la carencia de libros que tuvimos Anisia y yo, en territorios distintos, durante la infancia, pero la Consellería de Cultura de la Xunta de Galicia fue más allá: restauró la llamada "Casa do Romano", hizo una nueva edificación. Y nosotros vivimos aquí, al lado de este centro cultural, lo atendemos y continuamos trabajando por la cultura gallega como venimos haciendo desde hace más de 50 años.

Yo presido la Fundación y Anisia es la vicepresidenta, pero todo esto no fue idea nuestra. En Cultura crearon una entidad jurídica para que la labor que se hace en Gres tenga continuidad más allá de nuestras vidas. Las funciones de este centro cultural, el único de su tipo en toda la Galicia rural, consisten en: servicio de lunes a sábado de una biblioteca pública (con 8.600 volúmenes) que cuenta con una sala de lectura para niños y adolescentes y otra para adultos; una sala de exposiciones y conciertos; un museo etnográfico con unas 300 piezas, sobre todo con aparatos usuales antiguamente en la comarca. Y en años alternos convocamos, a nivel de toda Galicia, los premios *Arume* y *Estornela*, de poesía y teatro, respectivamente, para niños.

Entre nuestros proyectos está la próxima publicación del libro *Santiago de Gres e arredores,* la creación de un centro de documentación relacionado con la historia de esta comarca del Valle del Ulla, y trabajamos en la idea de poner en marcha un grupo de teatro infantil. G